



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Química Orgánica 2	Código	610G01027	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Química			
Coordinación	Ojea Cao, Vicente	Correo electrónico	vicente.ojea@udc.es	
Profesorado	García Romero, Marcos Daniel Jimenez Gonzalez, Carlos Martinez Cebeira, Montserrat Ojea Cao, Vicente Riveiros Santiago, Ricardo Rodriguez Gonzalez, Jaime Ruiz Pita-Romero, Maria Sarandeses Da Costa, Luis Alberto	Correo electrónico	marcos.garcia1@udc.es carlos.jimenez@udc.es monserrat.martinez.cebeira@udc.es vicente.ojea@udc.es ricardo.riveiros@udc.es jaime.rodriguez@udc.es maria.ruiz.pita-romero@udc.es luis.sarandeses@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia Química Orgánica 2 é unha continuación na ensinanza da Química Organica impartida en Química Orgánica 1. Nesta materia continuase o estudio da estrutura e reactividade dos compostos orgánicos clasificados por grupos funcionais.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	Utilizar a terminoloxía en Química Orgánica incluíndo nomenclatura, convenios e unidades.	A1	B7
Coñecer os principais tipos de reaccións orgánicas, os seus mecanismos e as súas principais características e implicacións estereoquímicas	A1 A4 A6 A9 A10 A14	B3	C1
Coñecer a estrutura, propiedades e reactividade química dos produtos orgánicos	A1 A4 A6 A9 A14	B3 B4 B7	C1



Coñecer os principais métodos de preparación dos compostos orgánicos e a súa aplicación na resolución de problemas sintéticos	A1 A4 A6 A9 A14 A15 A21	B2 B3 B4	C1
Levar a cabo operacións estándar de laboratorio para a preparación, separación e purificación de compostos orgánicos, manexando de forma segura materiais, reactivos e residuos	A1 A17 A19 A20 A21 A23 A26	B2 B3 B4 B7	C1
Aplicar as técnicas espectroscópicas y espectrométricas na determinación da estrutura dos compostos orgánicos	A1 A9 A15	B2 B3 B4	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Alquenos e alquinos.	Alquenos: nomenclatura, estrutura e propiedades. Hidroxenación catalítica. Reaccións de adición electrófila. Adición de haluros de hidróxeno, halóxenos, auga, oximercuriación, formación de halohidrinás, hidroboración. Epoxidación e hidroxilación de alquenos. Ruptura oxidativa de alquenos. Halogenación radicalaria. Polimerización. Alquinos: nomenclatura, estrutura e propiedades. Preparación mediante acetiluros e por reaccións de eliminación. Reaccións de adición electrófila e de redución.
Tema 2. Sistemas conxugados.	Sistemas alílicos: formas resonantes, estrutura electrónica e reaccións de halogenación radicalaria e substitución nucleófila. Dienes: estrutura orbitalica, reaccións de adición electrófila.
Tema 3. Benceno e aromaticidad	Compostos aromáticos: nomenclatura, propiedades e estrutura electrónica: regra de Hückel. Reaccións de substitución electrófila aromática (SEAr) sobre o benceno: halogenación, nitración, sulfonación, reaccións de Friedel-Crafts. Orientación na SEAr sobre derivados do benceno. Redución de compostos aromáticos. Reaccións de substitución nucleófila aromática sobre haluros de arilo.
Tema 4. Aldehídos e cetonas.	Nomenclatura, estrutura e propiedades físicas. Reaccións de adición nucleófila ao grupo carbonilo: hidratación, formación de hemiacetales, acetales, tiocetales, iminas, enaminas e cianhidrinás. Adición de reactivos organometálicos. Reacción de Wittig. Redución de compostos carbonílicos. Oxidación de aldehídos e cetonas.
Tema 5. Ácidos carboxílicos.	Nomenclatura, estrutura e propiedades. Reaccións de substitución nucleófila (mediante adición nucleófila ao carbonilo seguida de eliminación). Formación de ésteres, haluros de acilo, amidas e anhídridos carboxílicos. Reacción dos ácidos cos reactivos organometálicos. Redución de ácidos carboxílicos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Prácticas de laboratorio	A1 A9 A17 A19 A20 A23 A26 B3 B4 B7 C1	20	20	40
Sesión maxistral	A1 A4 A6 A9 A10 A14	17	34	51
Seminario	A1 A4 A6 A9 A10 A14 A15 A21 B2 B3 B7	7	14	21
Obradoiro	A4 A6 A9 A10 A14 A15 A21 B2 B3 B4 B7 C1	8	24	32
Proba mixta	A1 A4 A6 A9 A10 A14 A15 A21 B2 B3 C1	4	1	5
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	O alumno realizará no laboratorio procedementos experimentais relacionados cos contidos teóricos das materias Química Orgánica 1 e Química Orgánica 2, que lle permitiran adquirir destrezas nas técnicas de preparación, separación, purificación e determinación estrutural dos produtos orgánicos. Durante as prácticas o alumno deberá elaborar un informe de laboratorio, onde recollerá os cálculos estequiométricos, os procedementos de reacción e de elaboración, a interpretación dos datos espectrais e as respostas ás cuestións expostas nos guións.
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras o profesor desenvolverá os contidos fundamentais do programa mediante explicacións teóricas e exemplos prácticos. Os guións dos contidos e/ou as presentacións atoparanse dispoñibles na web da materia (moodle) con anterioridade ao desenvolvemento das leccións. Coa axuda destes materiais e outros recursos bibliográficos, os alumnos deberán preparar as leccións de maneira previa á súa impartición. Incentivarase a participación dos alumnos, coa intención de que se formulen preguntas ou e-mails ao profesor antes ou despois da lección.
Seminario	Nas sesións de seminario tanto os alumnos como o profesor participarán activamente na análise e a resolución dos problemas. Os boletíns de problemas a resolver atoparanse dispoñibles na web da materia (moodle) con anterioridade ao desenvolvemento dos seminarios. Os alumnos deberán traballar nos problemas de maneira previa ao desenvolvemento dos seminarios.
Obradoiro	Os talleres constitúen sesións de traballo organizadas en grupos reducidos. Nestas sesións os alumnos exporán oralmente (con apoio gráfico na lousa ou mediante unha presentación) determinados problemas dos boletíns, sobre os que deberán preparar previamente unha solución escrita, que deberá entregarse ao profesor ao comezo das sesións.
Proba mixta	Co propósito de avaliar a adquisición de coñecementos e competencias realizarase unha proba final (de acordo co calendario establecido no Centro) onde os alumnos deberán resolver cuestións e problemas sobre os contidos da materia, que serán análogos aos expostos durante as sesións presenciais (seminarios, obradoiros e prácticas de laboratorio)

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario Obradoiro Sesión maxistral Prácticas de laboratorio	O alumno contará coa axuda do profesor para a resolución das dúbidas que se lle expoñan durante o estudo dos contidos e na elaboración do informe de laboratorio e as solucións escritas aos problemas dos obradoiros. Para os estudantes con dedicación a tempo parcial ou de modalidades específicas de aprendizaxe ou de apoio á diversidade a atención personalizada será facilitada dentro da flexibilidade que permitan os horarios de coordinación e os recursos materiais e humanos.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A4 A6 A9 A10 A14 A15 A21 B2 B3 B4 B7 C1	Avaliarase a asistencia, a participación e a calidade das exposicións orais e as solucións escritas dos problemas encomendados. Prestarase especial atención ao emprego da nomenclatura adecuada para os grupos funcionais dos compostos e os procesos de reacción, así como a claridade e concreción das explicacións e respostas ás cuestións.	15
Prácticas de laboratorio	A1 A9 A17 A19 A20 A23 A26 B3 B4 B7 C1	A realización das prácticas é necesaria para aprobar a materia. A avaliación das prácticas será continua e valorarase a actitude, o traballo realizado no laboratorio e o caderno de laboratorio.	15
Proba mixta	A1 A4 A6 A9 A10 A14 A15 A21 B2 B3 C1	Co propósito de avaliar a adquisición de coñecementos e competencias realizarase unha proba final (de acordo co calendario establecido no Centro). Nesta proba expóranse problemas e cuestións relativas aos contidos da materia, análogos aos realizados durante as sesións presenciais durante o curso.	70

Observacións avaliación

A participación nas actividades de avaliación continua (prácticas de laboratorio e talleres) é obrigatoria. Por iso, facilitarase a todos os alumnos a realización das actividades de avaliación continua coa flexibilidade que permitan os horarios de coordinación e os recursos materiais e humanos. Polo que se refire aos sucesivos cursos académicos, o proceso de ensino-aprendizaxe, incluída a avaliación, volve comezar cun novo curso, incluíndo todas as actividades e procedementos de avaliación que sexan programados para o devandito curso. Para obter a cualificación de Non Presentado será necesario e suficiente que o alumno non se presentou á proba mixta. Para aprobar a materia será preciso obter en todas as actividades avaliadas (proba mixta, prácticas e talleres) unha nota igual ou superior ao 5. Por tanto, para os alumnos cunha nota global igual ou superior a 5 que non alcanzasen a cualificación de 5 nalguna das actividades avaliadas a materia figurará como Suspensa, cunha nota de 4,5 na acta.

As cualificacións das prácticas de laboratorio e dos talleres da 1ª oportunidade manteranse na 2ª oportunidade. Por tanto, na 2ª oportunidade os alumnos poderán realizar unicamente unha proba mixta, cuxa cualificación substituirá á da proba mixta da 1ª oportunidade. Os alumnos avaliados na 2ª oportunidade só poderán optar á Matrícula de Honra se o número máximo destas para o correspondente curso non se cubriu na súa totalidade na 1ª oportunidade.

Aos estudantes con dedicación a tempo parcial ou de modalidades específicas de aprendizaxe ou de apoio á diversidade facilitaráselles a realización das actividades de avaliación continua (prácticas de laboratorio e talleres) dentro da flexibilidade que permitan os horarios de coordinación e os recursos materiais e humanos. No caso de circunstancias excepcionais, objetivables e adecuadamente xustificadas, o profesor responsable podería eximir total ou parcialmente a algún membro do alumnado de concorrer ao proceso de avaliación continua (prácticas e talleres). O alumnado que se atopase nesta circunstancia deberá superar un exame específico que non deixe dúbidas sobre a consecución dos coñecementos, habilidades e competencias propias da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- K.P.C. Vollhardt and N.E.Schore (2007). Química Orgánica: estructura y función. Omega- K.P.C. Vollhardt and N.E.Schore (2011). Organic Chemistry: structure and function. W H Freeman- L.G. Wade, Jr (2004). Química Orgánica. Pearson- L.G. Wade, Jr (2013). Organic Chemistry. Prentice Hall- (). . <p>Ademais da bibliografía recomendada, a maioría dos libros de Química Orgánica xeral son útiles para seguir os contidos da materia. Recoméndase aos alumnos que descargen e impriman as presentacións de contidos dispoñibles en moodle antes de asistir ás leccións maxistras, coa intención de que poidan tomar notas das explicacións do profesor sobre os devanditos materiais.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- J. Clayden, N. Greeves, S. Warren (2012). Organic Chemistry. Oxford University Press



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química Xeral 3/610G01009

Laboratorio de Química 1/610G01010

Química Orgánica 1/610G01026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Laboratorio de Química 2/610G01032

Materias que continúan o temario

Ampliación de Química Orgánica/610G01028

Experimentación en Química Orgánica/610G01029

Observacións

Os contidos e as competencias a adquirir nas prácticas de laboratorio das materias Química Orgánica 2 e Laboratorio de Química atópanse estreitamente relacionadas, polo que se recomenda encarecidamente aos alumnos que deben cursalas de maneira simultánea.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías